



XOSÉ VELO

SEN FRONTEIRAS

EDITA

Xunta de Galicia

PRODUCCIÓN

Arraianos Producións | www.arraianos.com

IMPRESIÓN E ENCADERNACIÓN

Tórculo

REDACCIÓN DE TEXTOS

Lois Codias e Aser Álvarez

COORDINACIÓN DA EDICIÓN

Aser Álvarez

FOTOGRAFÍAS

Arquivo Xosé Velo

DESEÑO E MAQUETAXE

Aldán Delgado

REVISIÓN DE TEXTOS

Helena Fernández

ILUSTRACIÓNS

Xosé Vízoso e Baldo Ramos

Impresión en Galicia - Depósito legal: C2052-2022.

XOSÉ VELO

SEN FRONTEIRAS

Animal político, Xosé Velo non foi animal de rabaño. Aínda que se mantivo até a morte na órbita do galeguismo co que comezara de mozo, puxo sempre por diante a súa conciencia (ou o seu instinto) aos ditados de calquera organización. Nin atopou acubillo definitivo nin deixou herdeiros políticos directos. Se cadra é por iso que, malia que viviu en primeira liña a República, a guerra e a resistencia antifranquista, tanto no interior coma no exterior (co máximo protagonismo no episodio sonado da toma do Santa María), segue sendo un recordo borroso para os vellos, unha figura semidescoñecida para a xeración intermedia e nada en absoluto para os máis novos.



SE

N

GALIZA


Menos coñecidos aínda son os seus escritos. É certo que non puido ou non quixo facer carreira de escritor, mais nunca deixou completamente de escribir e, en menor medida, de publicar. Tocou moitos paus: poesía, ensaio, artigos, prólogos, discursos, cartas..., case sempre movido polas urxencias históricas de cada día; ás veces, ao tratar de descifrar unha estraña música que escoitou por primeira vez nalgún lugar oculto de Celanova.


Este volume aspira modestamente a remediar a situación anterior dando a coñecer unha mostra ampla dos escritos de Velo. Cincuenta anos despois da súa morte, está por ver se, alén de seren testemuña do paso dun home polo mundo, teñen algo permanente que dicirnos.

Aser Álvarez/Lois Codias

XOSÉ VELO EN VIGO
Documental biográfico
ACUDE Rural e Arraianos Producións

- 16:03 -





O PRINCIPIO DO MUNDO DE XOSÉ VELO

(1916 - 1930)

Xosé Velo Mosquera naceu en Celanova (Ourense) o 21 de abril de 1916. Foi o cuarto de cinco irmáns dunha familia acomodada. O pai, Lino Velo, ocupou o cargo de alcalde da vila e deputado provincial e posuía unha pequena fábrica de chocolate e un comercio. Pola súa parte, a nai era filla do secretario do xulgado; ambos estaban vencellados ao partido conservador.

Xosé Velo viviu unha infancia con comodidades, mais marcada pola diferenza de idade entre o pai, de 76 anos, e a nai, de 32. A morte do pai, en outubro de 1926, supuxo o final abrupto da



UNHA

Pra...

Saín cazar meu luceiro
pola meia noite enriba
Ai miña amiga!

Saín cazar meu luceiro
e non o tiña

Ti andabas pola noite
como unha arela perdida
e tíñate

Ti andabas pola noite
Ai miña vida!

Cando te atopei andaba
á caza do meu luceiro
e... non o tiña

CANZÓN MOZÁ

Poema musicado
Moisés Quintas (Música) e Aser Álvarez (Voz)

- 2:07 -






infancia de Xosé Velo, que máis adiante se autodefiniría como un “mozo vello” nos seus textos.

Respecto aos estudos académicos, Xosé Velo estudou nos Escolapios, primeiro no mosteiro de Celanova e máis tarde en Monforte de Lemos. Tamén cursou estudos universitarios en Santiago, pero sen chegar a obter título superior ningún.

**Declaracións de María Velo, irmá de Xosé Velo,
sobre a infancia de ambos**

Arquivo Arraianos Producións

- 0:37 -





A REPÚBLICA

(1916 - 1930)

No ano 1932, Xosé Velo participou na fundación das Mocedades Galeguistas de Celanova, un dos grupos máis activos da organización xuvenil do Partido Galeguista. Esta asociación acadou máis de 50 membros e creou o boletín *Adiante*, do que só se conserva un número, o do ano de 1933, e unha pintada na parede do mosteiro de Celanova.

Xosé Velo e Celso Emilio Ferreiro lideraron dende Celanova a corrente "arredista" das Mocedades, caracterizándose pola defensa da independencia e da lexitimidade do uso da violencia ofensiva e defensiva fronte ás agresións da extrema dereita, así como polo compromiso coa emancipación dos



labregos, todo formulado con un gran radicalismo verbal. Esta corrente conseguiu impoñerse na II Asamblea da Federación de Mocidades Galeguistas (1935) e Xosé Velo foi elixido secretario xeral, suceso no que debeu de influír o seu gran talento natural como orador. Así o describe Celso Emilio: "Alto, fraco, de longo nariz, Velo foi un orador nato da escola de Basilio Álvarez. Falaba con voz tronante pondo os brazos abertos como un cristo labrego. As súas palabras, que lle abrollaban dun manancial profundo, eran convincentes e cheas de senso popular".

Xosé Velo en Radio Claridad, a radio clandestina antifranquista no exilio

- 3:56 -



Foi tamén neses anos da República que Velo comezou a escribir poesía de todo tipo, case sempre en galego, mais tamén en castelán, e chegou a publicar un poema titulado "Alciprés" na



revista *Nós*. Coa idea de se daren a coñecer como poetas, Celso Emilio e mais el argallaron a dúo un procedemento orixinal de autoedición, case unha máquina poética de asalto. Na imprenta dun parente de Ferreiro fixeron imprimir a prezo de custo douscentos cartafolios co título *Cartafol de poesía* e os nomes dos dous autores. Mandáronllos logo por correo a un grupo escollido de destinatarios: xornalistas, intelectuais influentes, amigos e familiares; coa indicación de gardaren o cartafol para coleccionar nel os poemas que irían recibindo periodicamente en follas soltas. Enviaron en total dezaseis poemas, oito de cada un, mais non se conserva a serie completa.


En outubro de 1935, con 19 anos, Xosé Velo casou con Jovita Pérez González, de 20, filla dun taberneiro de Celanova. No casamento, con Celso Emilio de testemuña, non faltou o requinte patriótico, e os noivos volveron da lúa de mel cantando o himno galego. Meses despois naceu o primeiro fillo, Lino. Era xuño de 1936.

ALCIPRÉS

Poema musicado

Moisés Quintas (Música) e Aser Álvarez (Voz)

- 2:09 -





DINME OS COMPAÑEIRO

Nunca pola estrada paseaches
á beira garimosa da rapaza!
-dinme os compañeiros, tan xiados-,
Ti non sabes do cantar dos namorados
e de amores, pois n-amache
a fariñosa balboreta de brancas asas.
Ti falar non podes de carizas
nin de beixos i ardentías,
Ti non sofriche desengaños
na cita que ceban os humanos
cos sentimentos... cheos de lediza.
Ti nin de noite vives nin nos días.

Calai! O meu cor n'atormentedes
cas lembranzas feridoras... queixumbrosas.
Calai! lesas verbas enterrade
no esquezoz... Mais cantade
amor espirituais esí queredes
e da testa en ves de cardos seirán rosas.

Teño amores, compañeiros, teño amores!

AQUILES OLLOS

Poema musicado

Moisés Quintas (Música) e Aser Álvarez (Voz)

- 2:31 -



LTA DEL PESCOZON



Se expide el presente Pasaporte de Emergencia Nº 67/48 (sesentisiete/ (x) cuarentiocho) al ciudadano español JOSE VELO MOSQUERA, de acuerdo con instrucciones recibidas del Ministerio de Relaciones Exteriores de Venezuela, contenidas en su radiograma s/n, de fecha 29-VI-1948, válido estrictamente POR UN VIAJE DE INGRESO A VENEZUELA, vía América del Norte o del Sur.

NOTA.- Se hace constar que el titular de este Pasaporte de Emergencia NO ES VENEZOLANO.

Nombre y apellidos:	JOSE VELO MOSQUERA
Nacionalidad:	ESPAÑOLA
Lugar y fecha de nacimiento:	CELANOVA, Orense. el 21 de abril de 1916
Estado civil:	CASADO
Profesión:	PROFESOR
Religión:	CATOLICA
Filiación política:	REPUBLICANA GALLEGUISTA
Raza:	BLANCO
Estatura:	1m,76
Color de los ojos:	NEGRO
Color del cabello:	NEGRO
Color de la piel:	BLANCO
Fecha de expedición:	29 de Setiembre de 1948
Autoridad que lo expidió:	CONSULADO DE VENEZUELA EN LISBOA.

(x) NOTA.- El número de este pasaporte fue corregido, siendo el verdadero el 69/48 (sesentinueve/cuarentiocho).



Jose Velo Mosquera

Firma del titular

L. E. de la Hadriz

Firma del expedidor



GUERRA CIVIL E POSGUERRA

(1936 - 1948)

O 21 de xullo, Velo foi detido e conducido á Comandancia Militar de Celanova, onde se negou a entregar os arquivos das fichas de militantes das Mocidades. Foi liberado pola intercesión dun tío seu. Comezou tamén neste tempo a dar aulas como mestre particular, o que acabou sendo o seu traballo habitual, até que foi recrutado e mobilizado en marzo de 1937. Seica tentou fuxir ao bando republicano en dúas ocasións, e librouse de novo de ser procesado grazas ás influencias familiares.

En 1942 morreu a súa nai e un ano despois, en vista das enormes dificultades que atopaba para desenvolver o seu traballo en Celanova, trasladouse a Vigo, onde abriu outra academia. Foi como moi tarde nesa época que entrou en contacto con



SOLPOR DE INVERNO

Páisaxe crúa que quere ser eterna,
luscufusco raiado coa silueta
do orbe nu;
serán na que os orfos e os doentes
riman cos poetas
a sagra rebeldía dos poemas,
cando a cantar a miña alma acesa
deitou no berce amado ista cantiga:

Mortiño de frío o día
deitouse cedo,

O vento ás escuras
que ben fai de aboela,
e a noitiña a tombos
acóchao no berce
do solpor friento.

Dormiu caladiño
deica a mañán cedo
i espertou chorando
lembrando e chovendo...

Si, meu amoriño, si,
a maiciña bonita
vaite vestir
con galos amores
no mes de abril.

ALTA DEL PESCOZON



sectores da resistencia antifrancquista e da guerrilla. En 1944, é detido nunha gran redada.

En 1947, grazas a unha liberdade provisional e ante o perigo de ser novamente preso, foxe xunto co seu amigo Mariano Otero Castelao e agóchanse na aldea de Moreira, na casa dunhas amizades, preto de Celanova.

Os dous amigos pasaron clandestinamente a Portugal e foron acollidos por Luís López en Estoril. Velo foi detido pola PIDE. Coa axuda da organización humanitaria Unitarian Service e a intervención directa do presidente venezolano Rómulo Gallegos, a quen Velo coñecera anteriormente, consegue un pasaporte de emerxencia que lle permite saír do país en 1948.

XA NON QUERO A LIBERDADE...! (CANZÓN DA CARCELEIRIÑA)¹

*A Maruxiña, que tan ledas fixo as horas
tristes da fuxida coa súa ialma d-ouro,
decote leda e cantareira. Emozaadamente.
O autor*

I eiche chamar carceleira
carceleiriña linda,
pois queiras ou non, doncela,
son teu prisoeiro aínda.

Prisoeiro niste ceo
onde fas tan ben d-estrela!

Cárcel sin ferrollos chocos,
reixas de mel e sorrisos,
crariña, limpa, soallada,
amante coa túa lediza.

Con que vontade deixara
si fosen así os presidios
prenderme unha vez e outra!
Como amaría o "delito"

si me soubese apresado
decote com-arestora
pendendo do teu coidado
a miña ialma que chora!


Eisí a miña tristura
ten sido por teu mandado
a máis profunda ventura.

Eh...!
Te non anoxes miniña
si che chama carceleira
miña ialma prisoeira
da linda carceleiriña.

CANZÓN DA CARCELEIRIÑA

**Poema musicado por Sindo Otero Badás
e Miguel Abalo**

- 4:22 -



1. En 1947, Xosé Velo e Mariano Otero Castelao permaneceron varios meses ocultos nas casas de Xosé Pérez Montes, en Celanova, e de Ricardo Feijóo Varela, en Moreira (unha aldea próxima). Como agradecemento e homenaxe, Velo escribiu *in situ* un poema, "Confirmación de fé", adicado a Ricardo Feijóo e outro, "Xa non quero a liberdade...! (Canzón da carceleiriña)", á filla deste, María Rosa Feijóo Montes. Ambos os dous poemas foron publicados integramente en xuño de 1996 na revista *A trabe de Duro*. En 1968, Velo adicoulle tamén un poema, "Canzón moza", a Xosé Pérez.

Consulado de los Estados Unidos de Venezuela

EN LISBOA

VISTO BUENO Nº 900

Para quo el Señor JOSE VELO MOSQUERA

entre a Venezuela por TIEMPO INDEFINIDO
Lisboa 29 SET 1948

El Consul
E. E. de la Madrugada

Los Derechos Consulares se pagarán en Venezuela



El visto bueno de este pasaporte es "ad-referendum" y queda, en consecuencia, sujeto a lo que decidan las autoridades en Venezuela.

PORTUGAL	P. I. & E. - Serviços Internacionais	
	AEROPORTO - SACAVEM	
	SAIDA	
AVIÃO	DATA	
<i>010-59</i>	<i>71 10 19 48</i>	<i>[Signature]</i>

TRANSIT CERTIFICATE

No. 258 Date OCT 6 1948

American Embassy, Lisbon, Portugal.

I hereby certify that the holder of this passport, according to satisfactory evidence produced to me, is about to pass through territory of the United States.

in transit to VENEZUELA

via (port of entry) New York

(date of entry) October 1948

(port of departure) New York

(date of departure) October 1948

SEAL

LELAND (Vice Consul) AMERICAN VICE CONSUL
No Fee Prescribed *Service No. 4230*

into a [unclear]



INSPECTORIA DA POLICIA MARITIMA E AEREA
PERNAMBUCO - BRASIL

RECEBIMOS 6-2-1948 VISTO

Edgard Medeiros
INSPECTOR-SUBSTITUTO

*Delece-se por autenticação
no Distrito de origem
de acordo com o Regulamento
do Ministério da População
& N.º 1.100*



MINISTERIO NACIONAL DE IDENTIFICACION

VISTO BUENO DE ENTRADA
RESIDENTE
OCT 9 - 1948

Jefe de la Oficina

POSTO DE IMIGRACION
DESSEMBARQUE



O PRIMEIRO EXILIO: VENEZUELA (1948 - 1961)

En Venezuela, Velo traballa como mestre en academias e colexios e ademais, mantén unha intensa actividade cultural e social entre os colectivos de emigrantes galegos. Proba diso é que foi nomeado presidente do Lar Galego de Caracas e participou como relator no Primeiro Congreso da Emigración Galega, que tivo lugar en Bos Aires no ano 1956.

Coa caída do réxime de Pérez Jiménez en Venezuela, animouse a actividade política dos exiliados e Velo, a través de artigos, emisións radiofónicas e mitins, converteuse nun importante axitador da loita antifranquista no exterior. Entrou tamén en contacto coa resistencia portuguesa, liderada por Humberto



Delgado (exiliado dende 1958 no Brasil), e foi o ideólogo, fundador e director xeral do DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación), organización de exiliados españois e portugueses creada en Caracas entre 1959 e 1960, que pretendía dar resposta ao Pacto Ibérico entre Franco e Salazar.

NON TEÑO AMORES

**Poema musicado
Moisés Quintas (Música) e Aser Álvarez (Voz)**

- 2:28 -







HOSSANA LIBERDADE SAGRADA

Poema musicado
Moisés Quintas (Música) e Aser Álvarez (Voz)

- 1:16 -



... pobres do ...
... das, que ...
... onde a ...
... ações da ...
... a vida grande ...
... não muitos ...
... ou o campo ...
... mais. Foi ...
... adora encia ...
... se vives e ...
... cobidos, di ...
... m casa, esc ...
... un versal, m ...
... munda, a ...
... te com o ...
... países, co ...
... fronteiras ...
... e exaltada ...
... lidade, al ...
... etapa fan ...
... luntar a ...
... A pater ...
... ano, di ...
... as nos, d ...
... leiro d ...
... que a ...
... bes des ...
... erito, que ...
... TA DEL ...

LEMBRANZA DE CELANOVA¹

ADIÓS monte da Obra
de ti non me esquecerei.

ADIÓS Pedra da Moa
debaixo dos teus penedos
moitas noites pasei.

BAIXANDO pola rúa de Arriba
preto da praza do norte
hai unha fontíña, iauga
que se deixa beber soila,
canta iauga no rodicio do muiño.

MUÍÑOS da beira do Arnoia
sospirade vós por min.

INDO pro campo das Triguerezas
baixo dos albres da Alameda
pasei as noites de choiva
con orballo, ao lado da fonte
das Triguerezas.

POR riba dun banco de pedra
e máis da pena maior
moitas bágoas sementei
saídas do meu corazón.

EU non me podo esquecer
da terra de Celanova.

NIN dos albres que prantei
na horta do meu pai.

PRANTEI:
castiñeiros e abrideiros,
carballos, camelias e sobreiros.

TOMEI a sombra debaixo
nos días das romerías
no derradeiro de agosto
no día de san Roque.

XANTANDO pulpo á feira
e bebendo viño da bisbarra,
quixera volver no día de san Roque,
pra os últimos do vran.

SENTADIÑO ao carón dunha pedra
ou a rente do chan.

NON sei cando irei!
PRA morrer no teu chan.

1. O primeiro poema "Lembranza de Celanova", foi concibido para a emisión radiofónica *A voz de Galicia* do Lar Gallego, do 9 de setembro de 1954. O segundo "Galiza sempre", foi publicado nun monográfico do boletín *O Lar Galego* dedicado á morte de Castelao. O terceiro "Salpor de inverno", é unha variación sobre un poema dos anos trinta, e saíu tamén publicado no boletín *O Lar Galego*.



A TOMA DO SANTA MARÍA

(XAN. - FEB. 1961)

Dende o DRIL e en colaboración con dous militares, o portugués Henrique Galvão e o galego José Fernández (Jorge de Sotomayor), Velo, baixo o alcume de Carlos Junqueira de Ambía, organizou unha acción que xa tiña previamente deseñada: a toma dun barco para denunciar as ditaduras de Franco e Salazar.

O 22 de xaneiro de 1961, 24 comandos do DRIL (12 portugueses e 12 españois) tomaron o Santa María, un transatlántico da Companhia Colonial de Navegação, que facía a ruta dende o porto venezolano de La Guaira a Vigo e levaba a bordo 609 pasaxeiros de distintas nacionalidades, principalmente españois e portugueses.



Xosé Velo en Radio Claridad, a radio clandestina antifranquista no exilio

Arquivo Arraianos Producións

- 3:39 -



ALTA DEL PESCOZON



Rebautizado polo DRIL como Santa Liberdade, o barco adentrouse no Atlántico con dous obxectivos: denunciar internacionalmente a pervivencia das ditaduras ibéricas e chegar até a illa de Fernando Póo, actualmente a illa de Bioko, co propósito de ir espallando dende alí focos revolucionarios nas colonias africanas. Case inmediatamente, deberon renunciar a este segundo obxectivo pola morte accidental dun membro da tripulación durante a toma do barco.

Declaracións de JFK sobre a toma do barco, na súa primeira conferencia de prensa como presidente

- 1:25 -



A toma do barco acaparou os titulares da prensa internacional e chegou a ser obxecto de atención na primeira conferencia de prensa que deu John F. Kennedy como presidente. Toda a operación fora deseñada con moito coidado para que non puidese ser considerada un acto de piratería, senón unha

acción política, como así ditaminaron finalmente os propios asesores legais do Departamento de Defensa dos Estados Unidos.

O papel protagonista de Velo nesta operación quedou relativamente eclipsado pola figura de Galvão, que se presentou ante a opinión pública internacional como o principal ideólogo e organizador do DRIL.

O desenlace da acción produciuse cando Jânio Quadros tomou posesión como presidente do Brasil, o 31 de xaneiro, e ofreceu asilo político para os membros do DRIL. O barco atracou o 2 de febreiro no porto de Recife, onde foi aclamado por unha multitude que presenciou o desembarco de pasaxeiros e tripulantes e asimesmo, o acollemento dos secuestradores, entre honras oficiais, como refuxiados políticos no país.

A black and white photograph of the deck of a ship. The ship's name, "SANTA-LIBERTADE", is written in large, dark, block letters across a white horizontal band. Above this band is a curved white structure with a row of small, dark rectangular windows. Below the band is another row of larger, arched windows. In the foreground, there are various pieces of equipment, including a ladder and a door. The image has a slightly grainy texture and some blue ink splatters at the top center.

SANTA-LIBERTADE



[...] A matria galega aínda non ten patria. Todos os bons e xenerosos en pe! A HESPAÑA aínda non nasceu. Iso que está ahí é apenas o estribillo de unha canción que ninguén fixo, pro que todocristo tararea. Fagamos a Hespaña dende cada recanto das nosas nazóns ceibes. Crebémolas buxolas. Destituamos todos os pontos cardinais que nos separan. Non hai mais norte nin sul, nin mais este nin oeste. Soio hai un punto cardinal: O HOME.

Fragmento do discurso de Xosé Velo no Santa María

DISCURSO NO SANTA MARÍA

Recreación do discurso de Velo no barco

- 3:28 -



ALTA DEL PESCOZON





SEGUNDO EXILIO: BRASIL

(1961 - 1972)

Xosé Velo e o seu fillo Víctor, que tamén participara na acción do DRIL, pasaron uns días en Recife nun cuartel que lles ofreceu o Goberno. Despois dun tempo en Campinas, establecéronse en São Paulo, onde foron axudados por Miguel Urbano Rodrigues, un xornalista portugués que foi o grande amigo de Velo nesa época.

En 1962, Jovita reúnese con Velo en São Paulo, onde xa levaba tempo dando aulas nunha academia. Os outros dous fillos ficaron en Venezuela, aínda que viaxaban de cando en vez ao Brasil. Uns anos máis tarde, animado pola súa muller, Velo abriu a librería Nós, no barrio de Paraíso, e tamén a editorial Galicia



SEN TÍTULO

Cando chegar a hora
pasar-éi sin groria
nin remorso
de ter sido eu apenas vagalume
na longa e dura noite escura
do homen antigo criador de Deus
e de si mesmo.

MEUS PAIS

Poema musicado
Moisés Quintas (Música) e Aser Álvarez (Voz)

- 2:50 -



ALTA DEL PESCOZON



Ceibe, na que traduciu a Rosalía de Castro ao portugués, e na que tiña a idea de publicar tamén a súa propia obra. Niso estaba cando unha doenza mal diagnosticada derivou nun cancro de pulmón.

Nos derradeiros anos, inda tivo forzas para colaborar na resistencia contra a ditadura no Brasil, para crear o xornal de barrio *Paraíso Sete Días* e mesmo para comezar o guión dun proxecto audiovisual para a Fundación Ford, sobre a historia da humanidade dirixida a un público infantil e xuvenil. Xa nunca puido volver a Celanova. Morreu aos 55 anos en São Paulo e está enterrado baixo unha árbore do cemiterio de Gethsêmani.

ESPRANZA

"Malia o dente que come a semente"

(dito popular)

De onde me vén o folgo
para cantar tanta esperanza...

Ai o ámbito propicio
Ai a axeitada labranza
Ai a semente no sulco
endexamais devorada
 e as oportunas regas
 e a graza da poupanza

Ai a terra eterna virxe
milenios a deflorala.
Ai, a colleita pra todos
a matar todas as fames...

 E os soños sen pesadelo
 Ai, o soñar acordado!

 Inercia de quen vai indo
 Graza eterna de ir chegando

Malia quen endexamais algo dera

Malia quen sen consolar chorara

Malia quen para chegar espera

Malia quen para viver matara

Pois que preguntas, xa sabes
de donde me vén o folgo
para cantar miña esperanza:

 Da visión do futuro
 aínda que sempre se chega,
 endexamais se alcanza.

"ESPRANZA"

Poema musicado por Fran Pérez - NARF

- 3:39 -








BIBLIOGRAFÍA

- ALONSO MONTERO, X. (1982): *Celso Emilio Ferreiro*. Madrid, Júcar.
- ARRAIANOS PRODUCCIÓN. (2022): *Xosé Vello. Libertador Ibérico*. [Arquivo de vídeo]
- ARRAIANOS PRODUCCIÓN. (2021): *Xosé Vello e a guerrilla antifranquista na provincia de Pontevedra* [Arquivo de vídeo]
- BAYÓN, M. (1999): *Santa Liberdade*. Barcelona, Planeta.
- BIGOTTE CHORAO, L. (2019): *Asilo político em tempos de Salazar*. Lisboa, Almedina.
- CASTRO, X. (1985): *O galeguismo na encrucillada republicana* (vol. II). Ourense, Deputación de Ourense.
- DIESTE, R. (1937): *Para axudar á renacemento de Galicia*. Nueva Galicia, Barcelona.
- FERNANDES, J. (2010): *24 homens e mais nada*. Santiago de Compostela, Abrente Editora.
- FERNANDES, J. (1978): *Yo robé el Santa María*. Madrid, Akal.
- FERREIRO, C.E. (1981): *Obra completa, 3*. Madrid, Akal.
- GALVÃO, H. (1961): *Santa Maria: my crusade for Portugal*. Ohio, The World Publishing Company.
- GÓES, L. (2011): *O sequestro do "SANTA MARÍA" Um Sonho de Liberdade*. São Paulo: Editora Cia. dos Livros
- LEDO ANDIÓN, M. (s.d.): *Santa Liberdade*. [Arquivo de vídeo]
- NICOLÁS, R. (2012): *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, Vigo, Xerais.
- NOYA, P (1980): *Galicia no ano 79*. (s.l.) La Guardia.
- NOYA, P. (1985): *La poesía gallega en la emigración*. (s.l.) Universidad Central de Venezuela.
- MONTANYÀ, X. (2019): *Piratas da liberdade*. Santiago de Compostela, Edicións Positivas.
- MORTÁGUA, C. (2013): *Andanças para a Liberdade. Vol. I*. Lisboa, Esfera do Caos.
- MUÑOZ GARRIDO, H. (1961): *Alô, alô. Santa Maria chamando*. (s.l.), Mestre Jou.
- PIÑEIRO, A. (2000): *Pepe Vello: Pensador, soñador e mestre revolucionario*. Vigo, Xerais.
- PROL, S. (2006): *Xosé Lois Parente, poeta e galeguista na II República*. (s.l.), Grupo Academia Postal.
- OCHETTO, V. (1974): *I pirati della libertà*. Milán, Fratelli Fabbri Editori.
- RICO, F. (1966): *El asalto al Santa María*. Caracas, Ediciones FIJL.
- TEIXEIRA DA MOTA, F. (2011): *Henrique Galvão. Um herói português*. Lisboa, Oficina do Livro.
- URBANO RODRIGUES, M. (2002): *O tempo e o espaço em que vivi*. Porto, Campo das Letras.
- URBANO RODRIGUES, M. (1972). *Réquiem para un revolucionario*. São Paulo, Inter Press Service.
- VIDAL BOLAÑO, R. (2001): *Mar Revolto*. Galicia, Xunta de Galicia.



XOSEVELO.ORG



BRAZIL

PERNAMBUCO TO VICTORIA

Chiefly from Surveys by
CAPTAIN E. MOUCHEZ, FRENCH IMP^{ERIAL} NAVY, 1853
With corrections to 1873
From Pernambuco to Rio San Francisco
By Lt. A. Vital de Oliveira, Imp^{ERIAL} Brazilian Navy, 1857-59

With detailed Soundings by Com^{MANDER} Fitzroy R.M.S. Beagle 1852
Com^{MANDER} Hayes U.S. Sulphur 1856 Capt^{AIN} G.S. Nares H.M.S. Challenger
Com^{MANDER} Owen H.M. Navy

Alt. Alternating F. Fine sand. Gp. Group. Dec. Decaying. (M) Drowned
B. Black. G. Green. H. Hard. I. Ice. J. Juncus. K. Kelp. L. Limestone
M. Mud. N. Nodules. O. Oil. P. Pebbles. Q. Quartz. R. Red. S. Sand
T. Turf. U. Unexplored. V. Vertical. W. Water. X. Xanthophyllous
Y. Yellow. Z. Zircon. a. abraded. b. broken. c. coral. d. dark. e. fine. f. gravel. g. glistening
h. hard. i. iron. j. juncus. k. kelp. l. limestone. m. mud. n. nodules. o. oil. p. pebbles
q. quartz. r. red. s. sand. t. turf. u. unexplored. v. vertical. w. water. x. xanthophyllous
y. yellow. z. zircon. aa. abraded. bb. broken. cc. coral. dd. dark. ee. fine. ff. gravel. gg. glistening
hh. hard. ii. iron. jj. juncus. kk. kelp. ll. limestone. mm. mud. nn. nodules. oo. oil. pp. pebbles
qq. quartz. rr. red. ss. sand. tt. turf. uu. unexplored. vv. vertical. ww. water. xx. xanthophyllous
yy. yellow. zz. zircon.

FATHOMS

